

# Bouvard e Pécuchet

Crítica arbitraria de libros e outros obxectos impresos

© 2010-2015 Bouvard e Pécuchet

## **A tradición mítica por orde alfabética**

*Mitoloxía de Galiza. Lendas, tradicións, maxias, santos e milagres*

**Vítor Vaqueiro**

Galaxia, Vigo, 2011, 571 páxs.

Vítor Vaqueiro ofrece neste libro, en formato dicionario, practicamente todo o acervo mítico galego de lendas, tradicións e seres fantásticos. Xa que logo, estamos perante un libro de consulta que non debe faltar en ningunha biblioteca.

O lector pode atopar neste dicionario as informacións etnográficas clásicas, ao xeito do que se fai no volume dedicado ao tema da tradicional Historia de Galicia, mais tamén sobre lendas, incluíndo aquelas que se basean en figuras históricas (por exemplo a do lobishome Blanco Romasanta ou a de Inés de Castro).

Dun xeito acaído, sempre que é posible as tradicións galegas son inseridas dentro do ámbito cultural próximo ou mesmo dentro do eido das tradicións míticas que abranguen outras culturas moi distantes da nosa (bo exemplo disto é a entrada dedicada á coca).

Acerta o autor cando en ocasións analiza a recreación que de temas mitolóxicos ou etnográficos fixeron autores famosos da nosa literatura. Valla como exemplo o tratamento da lenda do Cristal. Con todo, o autor non explorou por completo este aspecto en artigos como o dedicado a Artur ou mesmo a Blanco Romasanta, ou a incidencia co mito do lobo ten na nosa literatura, empezando por Fole. Especialmente rechamante neste eido é que falte a recreación que de Pardo de Cela fixeron Cabanillas e Villar Ponte, mentres se citan outras menos importantes.

Un dos mellores logros do libro é o estilo ameno e agradable de cada unha das entradas. O autor consegue unha linguaxe rigorosa para expor a etnografía, mais que produce a sensación no lector dunha linguaxe accesible ou xornalística. Cada entrada sobre unha tradición, mito ou lenda parece unha reportaxe, de lectura doada e entretida.

O libro remata cunha abundante bibliografía, na que poden faltar algúns autores e estudos, mais que lle permite ao lector interesado buscar máis información se algún tema, tradición ou tipo lendario lle interesa en particular. Tampouco faltan referencias á tarefa de pescudador de tradicións do propio autor, que nalgunhas ocasións se amosa como testemuña da lenda que nos comunica.

Axuda moito á lectura as boas fotografías e ilustracións de que vai acompañado o texto. Aínda que o lector de certa cultura poida ter na súa lembranza o sepulcro de Fernán Pérez de Andrade, resulta acaído que ao ler o artigo Dente de porco bravo teña diante unha fotografía do célebre xabaril do devandito sartego. E así en moitos máis casos.

Xa que logo, libro que debemos ter nas nosa biblioteca para consultar de xeito doado e rigoroso practicamente todos os temas da mitoloxía de noso.

Manuel Rodríguez Alonso